

Ref.: SXT/STX I

Asunto: comunicación centros de nutrición e dietética

O Real Decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, ten por obxecto regular as bases xerais do procedemento de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios polas comunidades autónomas, así como establecer unha clasificación, denominación e definición común para todos os centros, servizos e establecementos sanitarios, públicos e privados, imprescindible para a creación dun Rexistro xeral.

Este real decreto (con carácter de normativa básica), define o centro sanitario como aquel conxunto organizado de medios técnicos e instalacións nas que profesionais capacitados/as, pola súa titulación oficial ou habilitación profesional, realizan basicamente actividades sanitarias co fin de mellorar a saúde das persoas. O real decreto esixe ademais que todos estes centros contén coa preceptiva autorización sanitaria de funcionamento, a cal será outorgada pola autoridade sanitaria autónoma correspondente.

Aos efectos do disposto nesta norma, considéranse centros, servizos e establecementos sanitarios os que se recollen na clasificación que figura como anexo I do dito real decreto, figurando a definición de cada un deles no anexo II do mesmo. Consonte co recollido nestes anexos, configúranse como centros da clase C.2.2 as *"consultas doutros profesionais sanitarios"*, isto é, *"centros sanitarios onde un profesional sanitario (diferente de médico ou odontólogo) realiza actividades sanitarias. Tamén se consideran consultas aínda que exista máis dun profesional sanitario cando a atención se centra fundamentalmente nun deles e os restantes actúan de apoio a este"*. Pola súa banda, dentro da oferta asistencial ofrecida polos distintos centros, prevese á correspondente á unidade asistencial U900: *"outras unidades asistenciais": unidades baixo a responsabilidade de profesionais con titulación oficial ou habilitación profesional que (...) levan a cabo actividades sanitarias que non se axustan ás características de ningunha das unidades anteriormente definidas, pola súa natureza innovadora, por estar en fase de avaliación clínica, ou por afectar a profesións cuxo carácter polivalente permite desenvolver, cunha formación adecuada, actividades sanitarias vinculadas co benestar e a saúde das persoas en centros que teñan a consideración de sanitarios"*

Así pois, á vista da normativa exposta, para o exercicio clínico da profesión sanitaria titulada e regulada de dietista-nutricionista, lembrámoslle a obriga legal dos centros/servizos nos



que estes/as profesionais desempeñen a súa actividade de contar coa preceptiva autorización sanitaria, a cal deberá ser solicitada consonte co previsto no Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

Asemade, para a prestación dos coidados e servizos propios da súa competencia profesional, os/as profesionais que exerzan nestas instalacións deberán dispoñer da titulación oficial referida na Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, que lles habilita para exercer.

O secretario xeral técnico

[sinatura dixital á marxe]

Alberto Fuentes Losada

COLEXIO OFICIAL DE DIETISTAS-NUTRICIONISTAS DE GALICIA

